



# **CAMARIÑAS EN NEGRO CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS**

## **MANIFESTO 25 DE NOVIEMBRE**

Hoxe, día 27 de novembro dende o noso Concello xunto cos centros educativos queremos manifestar o noso compromiso en contra da violencia de xénero, e para elo xuntámonos hoxe aquí, no noso Concello, Camariñas, para expresar as nosas ideas e pensamentos.

Hoxe, a través deste manifesto e do reparto pola nosa vila de carteis, postais, pegatinas e camisetas expresamos o nosa repulsa a todo tipo de violencia, queremos sumarnos ás voces que dende todo o planeta condenan á violencia contra a muller e pedimos un compromiso forte e claro para facer fronte a esta lacra social.

Nós queremos dicirlles as persoas agresoras que non teñen cabida na nosa sociedade, que o que queremos é respecto e igualdade de oportunidades.

Todas e todos queremos ofrecer o noso apoio as persoas que sufriron ou están a sufrir este tipo de violencia, ofrecendo o noso compromiso de loitar contra esta lacra social. Todas as persoas debemos plantarlle cara á violencia machista **CON TOLERANCIA CERO**.

Coa esperanza de que este sexa o último 25 de Novembro queremos lembrar que os malos tratos non se xustifican, e so merecen o desprezo da sociedade.

Por isto hoxe dicimos:

1. Mulleres e homes somos iguais, cos mesmos dereitos e deberes.
2. As nenas e os nenos, rapazas e rapaces que son vítimas da violencia de xénero **SEMPRE TERÁN** secuelas irreversibles.
3. A violencia de xénero é a máxima expresión da desigualdade entre mulleres e homes e a peor das humillacións, acabar con ela é o noso **DEBER** e **COMPROMISO**. É un reto realista e esperanzador.
4. A sociedade ten a obriga de non permanecer en silencio, nin mirar a outro lado ante esta inxustiza.

Gustaríanos rematar co desexo de que no futuro non haxa ningún motivo para conmemorar o día 25 de novembro como o Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres.

Moitas grazas.